



BANDO

XESTIÓN DAS RECOLLIDAS DE RESIDUOS VOLUMINOSOS E VEXETAIS

Ante o incremento do depósito de residuos, tanto voluminosos como vexetais, sen ningún tipo de control, o que contribúe a degradar a imaxe que proxecta o noso concello,

Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, INFORMA:

PRIMEIRO.- O Concello de Barreiros presta o servizo de recollida de residuos voluminosos e de restos vexetais, mais a súa recollida debe ser organizada e controlada desde o persoal municipal.

SEGUNDO.- Establécense como días de recollida os martes para restos vexetais e os xoves para os residuos voluminosos (electrodomésticos, mobles, etc)

TERCEIRO.- A recollida realizarase previo aviso aos servizos municipais no teléfono 982.12.40.02 para o que deberá identificarse a persoa e o lugar onde é precisa a recollida. Desde os servizos municipais indicarán a quenda de recollida para evitar o depósito descontrolado de residuos.

CUARTO.- O depósito de restos vexetais debe realizarse en bolsas pechadas, sempre que sexa posible. Se o material non o permite, por ser pólas ou ramallos, deben prepararse gavelas amarradas dun máximo de 50cm de diámetro e 1m de lonxitude, a efectos de facilitar a recollida.

QUINTO.- Non se realizarán recollidas fóra dos días nin dos lugares establecidos, polo que **queda prohibido depositar os mencionados residuos en lugares públicos e/ou a carón dos colectores de lixo**, tal e como establece a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Agradécese a colaboración veciñal para evitar que se acumulen restos e residuos fóra dos colectores, podendo provocar, a maiores dos evidentes de imaxe, problemas de salubridade.

O que se fai público para coñecemento xeral, en Barreiros a 8 de agosto de 2019.

